



+34 981 56 97 40

Rúa do Morreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/01/2022 8:10:47

SAIDA


1388/22




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 194/2021

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 25 de novembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 25 de novembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a contestación do Concello da Coruña á súa solicitude de información sobre o programa deportivo municipal "Coruña no Mar".

O reclamante indicaba que solicitou información sobre uns cursos de verán que ofertaba o Concello, en concreto, quen os impartiría, como se realizou a súa adxudicación, canto ían a percibir as persoas ou empresas contratadas para tal fin. A resposta do Concello foi absolutamente banal, carente de calquera dato dos que pedía e lle chegou a través da concellería de Deportes. Días despois, remitiulles un correo electrónico no que lles expón que entende que non lle contestaron a ningunha das preguntas formuladas, sen obter resposta. Con data do 13 de setembro de 2021 presentou escrito no portal de Transparencia do Concello reclamando que lle respondesen ao solicitado, sen ter resposta.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 13 de decembro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 28 de decembro de 2021 o Concello da Coruña contesta a petición remitindo informe, sen remitir a copia do expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que o expediente completo e ordenado da solicitude de información pública ante este Concello xa se atopa en poder da Comisión de Transparencia de Galicia, pois é coincidente nos seus trámites e cronoloxía co achegado polo reclamante, sen que se realizasen máis trámites que os alí referidos.

O programa sobre o que se solicitou a información *Coruña no mar* desenvólvese no marco do entón vixente contrato de xestión de servizos públicos das Escolas Deportivas Municipais, dos que consta a súa documentación e pregos no perfil do contratante do Concello ou na dirección electrónica que se indica no informe.

No dito contrato, establécese que o adxudicatario poderá concertar con terceiros a xestión de prestacións accesorias, previa autorización polo órgano de contratación, e que no contido do servizo, pódese incluír calquera actividade deportiva non prevista no prego, sempre que exista demanda suficiente e coa autorización da Concellería.

En base ao anterior, o Servizo Municipal de Deportes acordou coa empresa adxudicataria do contrato, a realización do programa *Coruña no Mar*, a desenvolver durante o verán de 2021.

O persoal para o desenvolvemento do programa tivo a súa base nos técnicos deportivos que figuran adscritos á execución do servizo das escolas municipais, nas condicións que recollen os pregos do contrato e ante a especialidade dalgunhas das diferentes modalidades deportivas, fíxose necesario a achega de técnicos especialistas en determinadas modalidades, así como do material asociado á práctica das mesmas, que clubs, federacións, asociacións ou empresas do sector posúen, polo que instouse a empresa concesionaria a concertar a prestacións requiridas con todos aqueles clubs deportivos da cidade que, como entidades deportivas sen ánimo de lucro que son, puidesen atender aos criterios técnicos solicitados.

O reclamante solicitou coñecer que profesionais e/ou empresas van encargarse dos diferentes cursos e actividades ofertados no dito programa e os acordos alcanzados con eses profesionais e/ou empresas, a documentación referida á súa contratación, os criterios seguidos para a súa elección e a remuneración que percibirán aquelas.

Considera que os criterios seguidos para a súa elección xa foron expostos na contestación recibida polo reclamante a través de correo electrónico e que o Servizo Municipal de Deportes

deste Concello non tería inconveniente en proporcionar a información referida á identidade dos profesionais ou empresas contratadas pola concesionaria para o desenvolvemento do programa e entende que podería supoñer un prexuízo para os intereses económicos e comerciais da empresa concesionaria.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera

que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas

contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado déuselle unha contestación mediante correo electrónico que non contiña a información requirida e reiterou a súa solicitude con datas do 21 de xullo e 13 de setembro de 2021 sen ter obtido resposta, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

Como en calquera outro procedemento administrativo, en materia de acceso á información, o cidadá que presenta unha solicitude, ten dereito a obter unha resposta dentro do prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, debendo ser a resposta que se obteña a adecuada, no senso de que debe conter a información solicitada e de forma completa, agás aquela que estea afectada por algún dos límites que establece o artigo 14 da Lei 19/2013, en cuxo caso debe xustificarse adecuadamente no expediente.

No presente caso, ante a solicitude dun cidadán de coñecer os profesionais e empresas que se van encargar das actividades que forman parte dun dos diferentes cursos e actividades ofertados nun programa municipal, os acordos alcanzados con eses profesionais e empresas, a documentación referida á súa contratación, os criterios seguidos para a súa elección e a remuneración que percibirán aquelas, o Concello contesta mediante un correo electrónico que o programa se desenvolve cos técnicos deportivos que figuran no prego que regula as escolas e con expertos en cada unha das modalidades, polo que se recorreu aos clubs deportivos da cidade, que se solicitaron orzamentos e unha vez seleccionados os mellores presupostos, confirmouse ás entidades colaboradoras a súa participación pola que recibirán unha contra prestación económica.

A información contida no correo electrónico, non dá resposta á solicitude de acceso á información presentada. No informe remitido polo Concello, indícase que o programa sobre o que se solicitou a información se desenvolve no marco dun contrato de xestión de servizos públicos dos que consta a súa documentación e pregos no perfil do contratante do Concello e na dirección electrónica que se indica no dito informe, sen que conste que a dita información fose remitida ao solicitante.

De conformidade co disposto no artigo 22.3 da Lei 19/2013, se a información solicitada xa foi publicada, a resolución que resolva a solicitude de acceso poderá limitarse a indicar como pode accederse a ela, pero como establece o criterio interpretativo 9/2015, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, en ningún caso é suficiente unicamente a remisión xenérica a portal ou á sede ou páxina web, senón que é necesario que se concrete sinalando

expresamente o link que accede á información e, dentro deste, os epígrafes, capítulos, datos e informacións exactas que se refiran ao solicitado, sendo requisito que a remisión sexa precisa e concreta e leve, de forma inequívoca, rápida e directa á información sen necesidade de requisitos previos, nin de sucesivas procuras.

Por tanto, o Concello pode elixir entre ofrecer a información solicitada mediante a súa remisión, ou ofrecer o link ou ligazón exacta que ofrezca de forma directa a información de que se trate.

Respecto do resto da información solicitada que non figure no dito contrato de xestión, (xestión de prestacións accesorias, material asociado, acordos alcanzados con técnicos especialistas e empresas, documentación referida á súa contratación, criterios seguidos para a súa elección e remuneración) o informe do Concello afirma que non tería inconveniente en proporcionar esa información pero entende que podería supoñer un prexuízo para os intereses económicos e comerciais da empresa concesionaria e que por tanto sería de aplicación do límite establecido no artigo 14.1.h) da Lei 19/2013.

A sentenza do Tribunal Supremo nº 1547/2017, consagra a necesidade de interpretar de xeito restritivo os límites e excepcións legais e resolve que no referente á limitación do acceso á información prevista no artigo 14.1.h) da Lei 19/2013, (cando o acceso á información supoña un prexuízo para os intereses económicos e comerciais), as limitacións contempladas no dito artigo, o mesmo que sucede coas causas de inadmisión de solicitudes de información que enumera o artigo 18, deben ser interpretadas de forma estrita e partindo da premisa de que o dereito de acceso á información aparece configurado no noso ordenamento cunha formulación ampla, de xeito que só son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas.

Claramente o deixa así sinalado o artigo 14.2 cando dispón que a aplicación dos límites será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso, por tanto a posibilidade de limitar o dereito de acceso á información non constitúe unha potestade discrecional da administración.

A aplicación dos límites contemplados na normativa vixente en materia de transparencia debe ser acorde co Criterio Interpretativo CI/002/2015, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no que se establece que a invocación de motivos de interese público para limitar o acceso á información deberá estar ligada coa protección concreta dun interese racional e lexítimo, polo que deberá analizarse se a estimación da petición de información supón un prexuízo (test do dano) concreto, definido e avaliabile. Este, ademais non poderá afectar ou ser relevante para un determinado ámbito material, porque pola contra estaría excluíndo un bloque completo de información. Do mesmo xeito, é necesaria unha aplicación xustificada

e proporcional atendendo á circunstancia do caso concreto e sempre que non exista un interese que xustifique a publicidade ou o acceso (test do interese público).

A Lei consagra a prevalencia do dereito subxectivo a obter a información e correlativamente o deber de entrega, salvo que concorran causas xustificadas que limiten tal dereito, ás que se refire o art. 14, e tales causas constitúen conceptos xurídicos indeterminados cuxa relevancia e transcendencia deben ser concretadas en cada caso, ponderando os intereses en conflito, esixíndose que se acredite que o acceso á información supoña un prexuízo para os intereses económicos e comerciais (neste senso, Sentenza do 7 de novembro de 2016, da Audiencia Nacional, sentenza n° 85/2016, do 14 de xuño de 2016, do Xulgado Central do Contencioso-Administrativo n° 5 de Madrid e sentenza n° 46/2018, do 22 de xuño de 2018, do Xulgado Central do Contencioso-Administrativo n° 2 de Madrid).

No presente caso, o Concello limitábase a invocar o referido límite no informe emitido a petición desta Comisión, sen que fixese referencia ao mesmo na contestación inicial (e única) remitida ao solicitante.

De acordo co anterior, ao non estar xustificada a non concesión da información solicitada, procede a estimación da reclamación presentada, se ben, dado que a información solicitada pode afectar a dereitos ou intereses de terceiros debidamente identificados (empresa concesionaria), de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, procede que polo Concello se abra período de audiencia para que os terceiros poidan realizar as alegacións que estimen oportunas, informando ao solicitante desta circunstancia. No caso de que se presenten alegacións, deben analizarse pola Administración actuante para valorar se debe primar o interese público na difusión da información, concedendo neste caso acceso total ou parcial á mesma, ou debe primar a protección dos intereses privados que estes terceiros poidan alegar, denegando neste caso parcial ou totalmente o acceso á información solicitada, previa xustificación debidamente motivada na resolución que se dite.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 4 de novembro de 2021, contra a contestación do Concello da Coruña á súa solicitude de información sobre un programa deportivo municipal.

Segundo: Instar ao Concello da Coruña a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, tras a finalización do período de audiencia ao que se refire o fundamento xurídico quinto desta resolución, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos

14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello da Coruña, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles dende a resolución, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: 56500009C)
Fecha: 2022.01.26 13:58:28 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.